

Tecidos e vestidos

no laboratorio gráfico



EXPOSICIÓN
21 de xuño / 2 de setembro 2018

Casa Galega da Cultura · Vigo

Tecidos e vestidos

no laboratorio gráfico

EXPOSICIÓN
21 de xuño / 2 de setembro

Deseñadoras

Teresa Búa
Miriam Cartagena
Vicky Cordero
Isabel Domenech
Micaela Fernández
Melania Freire
Claudia González
Eduardo Outeiro
María Paz
Ana Pérez Valdés
Carlota Pérez
Rosa Reboreda
Elena Rial

Comisaria

Lola Dopico
Profesora da Universidade de Vigo



Dep. Legal VG-415-2018

Todo comeza cun xesto, unha man que debuxa. Ese é tamén o punto de partida desta exposición. Deseñar e debuxar son termos que se solapan en moitas linguas. No contexto específico do deseño de moda, os debuxos son unha ferramenta ineludible tanto como soporte da idea de silueta coma para a descrición de elementos e detalles; é, malia a irrupción das tecnoloxías, a linguaxe inmediata de comunicación con provedores e con talleres. O debuxo máis técnico fronte ao improvisado, o debuxo de peza plana ou, no outro extremo, a ilustración de comunicación de moda son territorios onde a moda e a ilustración se funden para xerar unha linguaxe de precisión proxectual necesaria no día a día do exercicio profesional. Recentemente vemos aparecer estudos importantes sobre o papel da ilustración de moda e o seu desenvolvemento como *200 años de ilustración de moda en España*, froito da investigación doutoral de Marta Riera desenvolvida na Universidade de Vigo. Esta, así como outras publicacións, dan testemuño da riqueza deste territorio aínda pouco explorado. Máis alá da súa propia relevancia como campo de creación, sen dúbida podemos observar a influencia da ilustración de moda na creación artística contemporánea. Esta influencia é evidente na obra de artistas como Elizabeth Peyton, que recrea figuras altamente estetizadas cunha máis que evidente influencia, resultado da ilustración de moda contemporánea. Os personaxes, xente nova e atractiva, aparecen escenificados en actitudes extraídas das revistas de moda. Pero a listaxe sería extensa, moi extensa; Karen Kilimnik, Graham Little ou John Currin, entre outros, merecerían deternos para observar a profundidade desta conexión procedente das editoriais e das campañas de comunicación de moda. A creación de deseños e de debuxos para téxtiles e estampados a través das máis diversas técnicas é unha constante no ámbito da moda. A listaxe sería moi longa, poderíamos empezar por William Morris ou polos debuxos de Dalí ou Cocteau para Schiaparelli; ou dar un salto no tempo para referirnos ás colaboracións que Miuccia Prada fixo con ilustradores como Trembled Blossons para crear as animacións da película de presentación da súa colección de primavera de 2008; ou con James Jean, que tamén colaborou con Phillip Lim. Na memoria máis recente está o traballo de Takashi Murakami para Louis Vuitton; o traballo de Julie Verhoeven para Mulberry ou Eri Wakiyama para Miu Miu; Kate Morss, Liselotte Watkins e un longo etcétera. Á

listaxe de todo punto inabarcable, sirva como remate a flamante proposta de Miuccia Prada para esta primavera: unha colaboración con oito mulleres procedentes do territorio do cómic. Brigid Elva, Joëlle Jones, Stellar Leuna, Giuliana Maldini, Natsume Ono, Emma Ríos, Trina Robbins e Fiona Staples foron as creadoras encargadas de somerxerse nos arquivos de Tarpé Mills (pseudónimo de June Mills), primeira muller creadora dunha historieta de acción protagonizada por unha personaxe, Miss Fury, e que serviu de catalizador a través do que configurar a identidade da recente colección da casa italiana. Nesta mostra seleccionamos unha serie de artistas, deseñadoras e deseñadores que apostan pola presenza do debuxo e pola creación gráfica nas súas pezas e coleccións. A particularidade da proposta de deseño nas obras que están presentes na mostra sopórtase na súa potencia gráfica. Traballos que fan un percorrido por técnicas, enfoques e narrativas diversas que abranguen dende coleccións onde as impresións teñen un protagonismo claro, como no traballo de Vicky Cordero, ou nos cales se combinan diferentes técnicas (o debuxo, a estampación gráfica, a serigrafía e o bordado), e que fan desta mestura a súa identidade como no traballo de Miriam Cartagena ou Elena Rial. Na mostra ocupa un lugar específico o traballo de forte volumetría de Rosa Reboreda, conformado cunha serie de pezas que dialogan coa obra do artista John Baldessari a través do uso das impresións e da cor. As pezas-lenzo pintadas e debuxadas manualmente ocupan un lugar central nesta exhibición, como podemos ver no traballo anatómico de Ana Pérez Valdés, nas paisaxes de xeo de Carlota Pérez, ou nas coleccións onde quizais esta relación se revela máis evidente como nas ilustracións desbordantes de Ana Micaela Fernández ou Isabel Domenech, nas cales as pezas de roupa se entenden coma se fosen un lenzo ou unha folla en branco ao que o deseñador ou deseñadora se achega como faría un ou unha artista plástico ante os mesmos elementos. Doutra parte, a sutileza do trazo é o que nos interpela dende o traballo de Claudia González ou dende a delicadeza das infinitas liñas trazadas con esmero e con paciencia na tea pola man da creadora María Paz, e contrasta co trazo enérxico e irónico que reflicte o traballo de Teresa Búa ou a proposta de Eduardo Outeiro. A exposición e a súa estrutura argumental trata a renovada importancia do debuxo e da gráfica na linguaxe da moda contemporánea que emerxe dende os traballos destes novos creadores e creadoras. Presentes

na escena actual, a súa produción preséntase ante nós expoñendo de xeito descritivo o idilio que mantén coa ilustración o territorio da moda. Atopamos a través dos deseños destas creadoras, que comparten técnicas e linguaxe formal, variedades de precisión que podemos considerar como habituais ou propias do debuxo comercial ou industrial como os planos arquitectónicos, o debuxo científico, o ornamento e a decoración, e a ilustración tradicional e de moda. Os deseños presentes nesta mostra fan uso do debuxo; este pode desenvolverse como simple acabado ou ornamentación, pero tamén posúe vontade de narrar unha historia, crear un escenario novo ou evocar outro, conxurar os espíritos que quedan atrapados no trazo sobre a tea e que cobran vida ao vestirse, ao compoñerse sobre un corpo en movemento. Pero tamén quixemos que estivese presente na mostra o outro tipo de debuxo, o que é verbo, como dicía Serra, o que se desprende do acto mesmo de deseñar, de estar xerando o pensamento, a idea, a silueta, o motivo que rematará sendo un estampado. O debuxo como proceso e o debuxo como suxeito na estrutura da creación de moda pretende ser o territorio onde fixar a atención nesta exposición a través dun modesto achegamento a esta intersección entre a linguaxe de creación gráfica e a moda contemporánea.



Lola Dopico